| 2ª Avaliación | B1.2. Coñecer e comprender a sintaxe e a semántica das construcións dunha linguaxe de programación. | TIC2B1.2.1. Elabora diagramas de fluxo de mediana complexidade usando elementos gráficos e relacionándoos entre si para dar resposta a problemas concretos. | CMCCT CD CAA |
| | B1.3. Realizar programas de aplicación nunha linguaxe de programación determinada e aplicarlos á solución de problemas reais. | TIC2B1.3.1. Elabora programas de mediana complexidade definindo o fluxograma correspondente e escribindo o código correspondente. | CLL CMCCT CD |
| 3ª Avaliación | B1.4. Depurar programas informáticos, optimizándoos para a súa aplicación. | TIC2B1.4.1. Obtén o resultado de seguir un programa escrito nun código determinado, partindo de determinadas condicións. | CD CMCCT CAA |

2. Avaliación e cualificación

| | |
|--|--|
| <p>Avaliación</p> | <p>Procedementos: Os procedementos de avaliación adecuaranse ás adaptacións metodolóxicas realizadas durante ao terceiro trimestre do curso. Terá un carácter continuo, formativo e integrador a partir das avaliacións anteriores e das actividades desenvolvidas durante este período sempre que isto favoreza ao alumno ou alumna. O alumnado, en ningún caso se verá prexudicado polas dificultades derivadas do cambio na metodoloxía a distancia do terceiro trimestre, e non verá minorados os resultados obtidos nas avaliacións dos trimestres anteriores.</p> |
| | <p>Instrumentos: Os empregados nas dúas primeiras avaliacións e as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación desenvoltas desde a declaración do estado de alarma polo Decreto 463/2020, sempre que beneficien ao alumno ou alumna.</p> |
| <p>Cualificación final</p> | <p>En virtude do descrito anteriormente, para o cálculo da cualificación final que se consignará na avaliación ordinaria, teranse en conta as cualificacións das dúas primeiras avaliacións e farase a media aritmética entre ambas.</p> <p>As actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes poderán incrementar esta nota media ata un máximo de dous puntos do seguinte xeito:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Se o alumnado non realiza ningunha das actividades propostas despois da declaración do estado de alarma, a cualificación na avaliación ordinaria será a media das dúas avaliacións anteriores. • Se o alumnado entrega as actividades amosando unha aprendizaxe continua e interese por aprender, a cualificación da avaliación ordinaria calcularase facendo a media das dúas avaliacións anteriores e sumándolle un punto. • Se o alumnado ademais de entregar as actividades, demostra coas mesmas adquirir as aprendizaxes e competencias imprescindibles, descritas no apartado un desta adaptación á programación, dun xeito moi bo, a cualificación da avaliación ordinaria calcularase facendo a media das dúas avaliacións anteriores e sumándolle dous puntos. |
| <p>Proba extraordinaria de setembro</p> | <p>A proba extraordinaria de setembro referirase ás aprendizaxes e competencias imprescindibles detalladas no apartado un desta adaptación á programación e desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso escolar 19/20</p> |

| | |
|--------------------------------------|---|
| Alumnado de materia pendiente | Criterios de avaliación: |
| | Criterios de cualificación: |
| | Procedementos e instrumentos de avaliación: |

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

| | |
|--|---|
| <p>Actividades</p> | <p>Debido á situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19 e á suspensión das actividades lectivas, como medida preventiva adoptada no Acordo do Consello da Xunta do 12 de marzo de 2020, e co fin de apoiar tanto aos estudantes como ás súas familias e facer posible o desenvolvemento das súas tarefas respectivas en condicións que promovesen o seu benestar, houbo que modificar toda a metodoloxía e actividades planificadas para o 3º trimestre do curso. As novas actividades foron desenvolvidas co fin de permitir aos alumnos manterse incorporados á aprendizaxe continua, suscitar o seu interese por aprender de modo non presencial, adaptándose á idade e características do alumnado, así como á situación excepcional que están a vivir.</p> <p>Prestouse especial atención a identificar ao alumnado desconectado, transmitindo, tanto aos titores como ao equipo directivo, estas situacións cando foron detectadas.</p> <p>Durante o terceiro trimestre desenvolvéronse actividades de recuperación, repaso, reforzo e ampliación centrándose nas aprendizaxes e competencias imprescindibles que o alumnado debe desenvolver, coidando de non sobrecargalo. Fomentáronse as rutinas de traballo, mantendo o hábito de estudo.</p> <p>Para a ampliación das aprendizaxes tomáronse como referentes os obxectivos e competencias clave máis necesarios para a adecuada progresión do alumnado e que para a súa asimilación requirisen a mínima intervención docente.</p> <p>Para o alumnado que non adquiriu as aprendizaxes e competencias imprescindibles nos dous primeiros trimestres do curso, propóráselle actividades que lles axuden a adquirilas e superar a materia.</p> <p>Todas as actividades propostas flexibilizaranse e adaptaranse para axudar en todo o posible ao alumnado a adquirilas as aprendizaxes e competencias imprescindibles descritas no apartado 1.</p> |
| <p>Metodoloxía (alumnado con conectividade)</p> | <p>A metodoloxía empregada é a de traballo telemático a través da aula virtual do centro no que existe un curso específico para a materia que todo o alumnado sabe empregar por ser unha ferramenta habitual de traballo nos trimestres anteriores.</p> <p>Para atender ás dúbidas, empregáronse tanto as mensaxes das que dispón a aula virtual como o correo electrónico.</p> <p>Intentarán realizarse videoconferencias que facilitan tanto a comunicación co alumnado como a resolución das dúbidas que lle poidan xurdir. Esta metodoloxía facilita tamén a realización das actividades de ampliación de aprendizaxes.</p> |

Materiais e recursos

En primeiro lugar, os recursos necesarios para a metodoloxía descrita no apartado anterior pasan por incluír todos os derivados dun traballo telemático: ordenador, cámara, micrófono, conexión a internet... O resto de materiais facilítanse ao alumnado a través da aula virtual do centro, nalgúns casos en forma de web, noutros en formato pdf. En ningún caso será necesaria a impresión dos materiais.

4. Información e publicidade

| | |
|--|--|
| Información ao alumnado e ás familias | A información ao alumnado e as familias realizarase a través da plataforma empregada para realización das actividades, neste caso a Aula Virtual do centro. |
| Publicidade | Segundo as Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, no punto 6.3 das directrices xerais, esta adaptación á programación será publicada na páxina web do centro nun lugar accesible a disposición de toda a comunidade educativa. |

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES AS TELLEIRAS
CURSO: 3º ESO
MATERIA: TECNOLOGÍAS
DEPARTAMENTO: TECNOLOGÍA
DATA: 7 / 5 / 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

| Tempor. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe imprescindibles | Grao mínimo de consecución e competencias imprescindibles |
|---------------|--|---|---|--|
| 1ª avaliación | Bloque 1. Proceso de resolución de problemas tecnolóxicos | | | |
| | <ul style="list-style-type: none"> • ¿Qué é a tecnoloxía? A actividade técnica. (TEC1.1.1) • Relación da tecnoloxía e outras áreas do coñecemento, como a ciencia e a técnica. • Evolución histórica da tecnoloxía. (TEC1.1.1) • O proceso tecnolóxico: fases da elaboración dun produto. (TEB1.1.1) • Deseño, planificación e construción de maquetas ou prototipos. (TEB1.1.1) (TEB1.2.2) • Elaboración da documentación necesaria para o desenvolvemento do proxecto. (TEB1.2.1.) • Xestión axeitada das ferramentas e instalacións da aula-taller. (TEB1.2.2.) • Impacto medioambiental do desenvolvemento tecnolóxico: contaminación. (TEB1.2.3.) | <p>B1.1. Identificar e describir as etapas necesarias para a creación dun produto tecnolóxico desde o seu deseño ata a súa comercialización, investigar a súa influencia na sociedade e propor melloras desde o punto de vista tanto da súa utilidade como do seu posible impacto social.</p> <p>B1.2. Realizar as operacións técnicas previstas nun plan de traballo utilizando os recursos materiais e organizativos con criterios de economía, seguridade e respecto polo ambiente, e valorando as condicións do contorno de traballo.</p> | <p>TEB1.1.1. Diseña un prototipo que dá solución a un problema técnico, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.</p> <p>TEB1.2.1. Elabora a documentación necesaria para a planificación da construción do prototipo.</p> <p>TEB1.2.2. Constrúe un prototipo que dá solución a un problema técnico, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.</p> | <p>É quen de entender a necesidade de planificación e preparación previa á elaboración de calquera produto tecnolóxico e segue de xeito ordenado tal metodoloxía na realización de proxectos sinxelos.</p> <p>Traballa en grupo de forma respectuosa e responsable, repartindo tarefas e colaborando cos outros para o ben común.</p> <p>Pon en valor o traballo manual e entende como as diferentes tecnoloxías van cambiando o mundo que coñecemos.</p> <p>CD CMCCT CCL CAA CSIEE CSC CCEC</p> |

| Bloque 2. Expresión e comunicación técnica | | | | |
|--|---|---|---|--|
| | <ul style="list-style-type: none"> • Elaboración e interpretación de esbozos e bosquejos como elementos de información dun produto. (TEB2.1.1.) • Medición e acotación. (TEB2.1.1.) • Emprego de ferramentas informáticas de deseño gráfico ou simulación. (TEB2.1.2.) • Elaboración e interpretación de vistas diédricas dun obxecto tecnolóxico. (TEB2.1.1., TEB2.1.2.) | <p>B2.1. Interpretar esbozos e bosquejos como elementos de información de produtos tecnolóxicos.</p> <p>B2.2. Explicar, mediante documentación técnica, as fases dun produto desde o seu deseño ata a súa comercialización.</p> | <p>TEB2.1.1. Interpreta esbozos e bosquejos como elementos de información de produtos tecnolóxicos.</p> <p>TEB2.2.1. Produce os documentos relacionados cun prototipo empregando software específico de apoio.</p> | <p>É quen de interpretar e reproducir un obxecto en 3D sobre un papel, e de poñerlle medidas seguindo as normas básicas de acotación.</p> <p>Coñece e emprega algún software de deseño e debuxo.</p> <p>CD CMCCT CCL CAA</p> |
| Bloque 3. Materiais de uso técnico | | | | |
| 2ª avaliación | <ul style="list-style-type: none"> • Materiais de uso técnico (II): cerámica, vidro, plásticos e materiais de construción. (TEB3.1.1.) • Propiedades, variedades e aplicacións destes materiais. Identificación. (TEB3.1.1., TEB3.1.2.) • Os novos materiais e a súa repercusión no medioambiente. (TEB3.1.1., TEB3.1.2.) • Solucións tecnolóxicas ó problema da contaminación. (TEB3.1.1., TEB3.1.2.) • Análise do uso das materias primas ó longo da historia. (TEB3.1.1., TEB3.1.2.) • Selección dun material para a elaboración dun produto. (TEB3.1.1., TEB3.1.2.) | <p>B3.1. Analizar as propiedades dos materiais utilizados na construción de obxectos tecnolóxicos recoñecendo a súa estrutura interna e relacionándoa coas propiedades que presentan e as modificacións que se poidan producir.</p> | <p>TEB3.1.1. Describe as características propias dos materiais de uso técnico, comparando as súas propiedades.</p> <p>TEB3.1.2. Explica as técnicas de identificación das propiedades mecánicas dos materiais de uso técnico.</p> | <p>Identifica os materiais dos que están feitos moitos obxectos que son empregados a cotío, e é capaz de comparar as propiedades duns e doutros. Selecciona o máis axeitado para calquera aplicación.</p> <p>CCL CAA CSIEE CSC</p> |

| Bloque 5. Tecnoloxías da información e da comunicación | | | |
|---|--|---|--|
| <ul style="list-style-type: none"> • Presentación e organización da información mediante o procesador de textos. (TEB5.3.2., TEB5.3.3. TEB2.1.1). • Formatos de textos, marcos e inserción de imaxes, creación de táboas, listas de contidos, títulos, encabezamentos e pes de páxinas, comentarios, pes de imaxes. (TEB5.3.2., TEB5.3.3). • Elaboración dos documentos do proxecto empregando o procesador de textos. (TEB5.3.2., TEB5.3.3. TEB2.1.2). • Valoración de importancia dos ordenadores na vida actual dos países desenvolto. (TEB5.3.2., TEB5.3.3). • Valoración da utilidade do ordenador como ferramenta de información, comunicación e investigación. (TEB5.3.2., TEB5.3.3). | <p>B5.3. Utilizar un equipo informático para elaborar e comunicar proxectos técnicos.</p> | <p>TEB1.2.1. Elabora a documentación necesaria para a planificación da construción do prototipo.</p> <p>TEB2.2.1. Produce os documentos relacionados cun prototipo empregando software específico de apoio.</p> <p>TEB5.3.1. Instala e manexa programas e software básicos.</p> <p>TEB5.3.2. Utiliza adecuadamente equipamentos informáticos e dispositivos electrónicos.</p> <p>TEB5.3.3. Elabora, presenta e difunde proxectos técnicos con equipamentos informáticos.</p> | <p>Relaciona o ordenador con diferentes ambientes de traballo e de vida e as súas diferentes utilidades, ó tempo que domina as ferramentas informáticas para o tratamento de textos e presentación de datos.</p> <p>CD CMCCT CCL CAA CSC</p> |
| Bloque 5. Tecnoloxías da información e a Comunicación | | | |
| <ul style="list-style-type: none"> • Presentación e organización da información. (TEB5.3.2.) (TEB5.3.1.) • Presentacións: creación de diapositivas, inserción de títulos, plantillas, efectos de | <p>B5.3. Utilizar un equipamento informático para elaborar e comunicar proxectos técnicos.</p> | <p>TEB5.3.1. Instala e manexa programas e software básicos.</p> <p>TEB5.3.2. Utiliza adecuadamente equipamentos informáticos e dispositivos electrónicos.</p> | <p>Comprende a importancia das TICs e da Internet na sociedade global na que vivimos, como fonte de información actualizada e accesible, e valora os riscos e perigos potenciais que isto representa.</p> |
| ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020 | | PÁXINA 4 DE 9 | CENTRO: IES AS TELLEIRAS CURSO: 3º ESO MATERIA: TECNOLOGÍAS |

| | | | | |
|---------------|--|---|---|--|
| | <p>transicións entre diapositivas e efectos en obxectos, música e debuxos animados, interaccións, publicacións e exposición en público. (TEB5.3.3.)</p> <ul style="list-style-type: none"> Organización da información para presentala en público de xeito claro e conciso, proxectando fotografías, vídeos e gráficos automaticamente, manexando un programa de presentacións ofimáticas. (TEB5.3.2., TEB5.3.3.). | | <p>TEB5.3.3. Elabora, presenta e difunde proxectos técnicos con equipamentos informáticos.</p> | <p>CD CMCCT CCL CAA CSC</p> |
| 3ª avaliación | Bloque 4. Máquinas e sistemas | | | |
| | <ul style="list-style-type: none"> Circuitos eléctricos: función. Tipos: serie, paralelo, mixto. Lei de Ohm. (TEB4.1.1., TEB4.2.2.) Compoñentes dun circuito eléctrico. Funcionamento e simboloxía. (TEB4.1.1., TEB4.2.2.) Cálculo de magnitudes eléctricas básicas en circuitos eléctricos sinxelos. (TEB4.2.1., TEB4.2.2.) Curtocircuíto. Manexo do polímetro dixital para a medición de magnitudes eléctricas. (TEB4.2.1., TEB4.3.1., TEB4.3.2.) Representación esquemática de circuitos. | <p>B4.1. Relacionar os efectos da enerxía eléctrica e a súa capacidade de conversión noutras manifestacións enerxéticas.</p> <p>B4.2. Experimentar con instrumentos de medida e obter as magnitudes eléctricas básicas.</p> <p>B4.3. Diseñar e simular circuitos con simboloxía adecuada e montar circuitos con operadores elementais</p> | <p>TEB4.1.1. Explica os principais efectos da corrente eléctrica e a súa conversión.</p> <p>TEB4.2.1. Utiliza os instrumentos de medida para coñecer as magnitudes eléctricas de circuitos básicos.</p> <p>TEB4.2.2. Calcula as magnitudes eléctricas básicas en circuitos eléctricos sinxelos.</p> <p>TEB4.3.2. Diseña circuitos eléctricos básicos, utilizando software específico e simboloxía adecuada, e experimenta cos elementos que o configuran.</p> | <p>Identifica os operadores eléctricos máis representativos que se atopan na aula taller e coñece o seu uso. Ademais é capaz de deseñar e construír os seus propios operadores. Monta circuitos eléctricos sinxelos partindo dos esquemas correspondentes e resolve problemas numéricos.</p> <p>CD CMCCT CCL CSC</p> |

| | | | | |
|--|---|--|---|---|
| | <p>(TEB4.1.1., TEB4.2.2., TEB4.3.1., TEB4.3.2.)</p> <ul style="list-style-type: none"> Definición de estratexias para diminuí-lo consumo de electricidade na sociedade actual. Cálculo da potencia e da enerxía eléctrica consumida. Efecto Joule. (TEB4.1.1., TEB4.2.2.) | | | |
| | <ul style="list-style-type: none"> O ordenador: hardware e software. (TEC5.1.1.) Elementos dun equipo informático: placa base, memorias, microprocesador, fonte de alimentación, sistemas de almacenamento. (TEC5.1.1.) Identificación, montaxe e desmontaxe das partes dun ordenador. (TEC5.1.1.) Periféricos: de entrada e saída de datos. (TEC5.1.1.) Controladores e drivers. Conexións. (TEC5.1.1.) | <p>B5.1. Distinguir as partes operativas dun equipamento informático.</p> <p>B5.2. Utilizar de forma segura sistemas de intercambio de información.</p> <p>B5.3. Utilizar un equipamento informático para elaborar e comunicar proxectos técnicos.</p> | <p>TEB5.1.1. Identifica as partes dun computador e é capaz de substituír e montar pezas clave.</p> | <p>Recoñece as distintas partes do ordenador e os seus periféricos.</p> <p>CD CMCCT CCL CSC</p> |

| 1. Avaliación e cualificación | |
|---|--|
| Avaliación | <p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Emprego de programas informáticos que simulen condicións reais de diferentes sistemas. • Boletíns de exercicios. |
| Cualificación final | <p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: Unha vez avaliadas as actividades de recuperación para aqueles alumnos que tivesen algunha avaliación suspensa, farase a media das dúas primeiras avaliacións, e engadiráselle un punto a esa nota se o alumno continuou traballando na terceira avaliación, entregando algunha das actividades propostas. Se o alumno amosa un grande esforzo presentando todas as actividades propostas na terceira avaliación en prazo e acadando nelas a excelencia, engadiráselle á nota media das dúas primeiras avaliacións, dous puntos.</p> |
| Proba extraordinaria de setembro | <p>Dependendo das condicións sanitarias, en setembro realizarase unha proba única que englobará contidos das dúas primeiras avaliacións, atendendo aos estándares mínimos xa indicados. A nota da proba será a de a avaliación extraordinaria de setembro.</p> |
| Alumnado de materia pendente | <p>N Neste presente curso, temos un alumno en 4º ESO coa materia de Tecnoloxías pendente de 3º ESO. Para recuperar a materia, propuxémoslle a realización de boletíns de exercicios acordes cos estándares da materia do curso pasado. Facendo o seguimento pertinente do seu traballo e evolución, o alumno presentou antes do comezo do estado de alarma as súas tarefas, acadando unha avaliación positiva na mesma, cunha nota de 6. O alumno foi informado pola Xefa de Departamento vía correo electrónico.</p> |

2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

| | |
|--|---|
| <p>Actividades</p> | <p>Tarefas de recuperación Para aqueles alumnos que fixeron a proba de recuperación da primeira avaliación e non a superaron, se lles propuxo a realización dun boletín de actividades acordes cos contidos e estándares mínimos antes especificados, de xeito que o alumno que obteña unha avaliación positiva neste boletín terá un 5 como nota da primeira avaliación. Para aqueles alumnos coa segunda avaliación suspensa e que dadas as especiais circunstancias sanitarias son tiveron a oportunidade de facer aproba de recuperación prevista na programación, as actividades de recuperación serán personalizadas e adaptadas a cada alumno, de xeito que os alumnos terán de novo a posibilidade de presentar aquelas actividades que non entregaron ou nas que tiveron unha cualificación negativa. A nota de recuperación será de 5.</p> <p>Tarefas de ampliación As unidades didácticas previstas para tratar nesta terceira avaliación son “Electricidade” e “O ordenador e os periféricos”. Xa que a materia de Tecnoloxía é optativa no seguinte curso, parece imprescindible continuar cos contidos previstos na programación para completar a formación tecnolóxica dos alumnos, que tan útil está a ser nestes tempos de confinamento. Como actividades, os alumnos resolverán e presentarán boletíns de exercicios relacionados cos estándares propios destas unidades.</p> |
| <p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</p> | <p>Para traballar as actividades propostas neste período de confinamento, comezamos as unidades didácticas cunha introdución a través dun videotutorial, para repasar e poñer en valor os coñecementos que os alumnos xa teñen en relación coa unidade. Do mesmo xeito, poñemos a disposición dos alumnos presentacións nas que se recollen dunha forma amena todos os contidos que os alumnos teñen que traballar. Para rematar a unidade, os alumnos resolven e respostan cuestionarios ou boletíns de exercicios, que serven para reforzar e afondar nos seus coñecementos e traballar as competencias básicas. Estes boletíns son corrixidos polo profesor e a corrección, enviada ao alumno como sistema de retroalimentación. Pódense realizar videoconferencias para a resolver dúbidas.</p> |
| <p>Materiais e recursos</p> | <p>Libro de texto, presentacións e videotutoriais, boletíns de actividades e cuestionarios, software específico.</p> |

3. Información e publicidade

| | |
|---|---|
| <p>Información ao alumnado e ás familias</p> | <p>Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado.</p> <p>Todos os materiais son postos á disposición do alumnado a través da aula virtual do centro, onde contan ademais de co material específico para traballar as diferentes unidades didácticas, con enlaces e referencias a outros contidos de interese e mesmo, con enlaces aos libros de texto suxeridos no curso.</p> <p>Por outra banda, tamén contamos como vía de comunicación aberta constantemente para trasladar información ao alumnado e recibir información deles, coa conta de correo electrónico do dominio telleiras.org, propia do noso centro e que restrinxe o intercambio de información a alumnos e profesores do centro. Tamén dispoñemos da conta de correo corporativa edu.xunta.es para comunicarnos cos alumnos e familias.</p> <p>Por último, contamos coa realización de videoconferencias cos alumnos a través da plataforma Cisco Webex</p> |
| <p>Publicidade</p> | <p>Publicación obrigatoria na páxina web do centro.</p> |

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES AS TELLEIRAS
CURSO: 1º BAC
MATERIA: TECNOLOXÍA INDUSTRIAL I
DEPARTAMENTO: TECNOLOXÍA
DATA: 7 / 5 / 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

| Tempor. | Contidos | Crterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe imprescindibles | Grao mínimo de consecución e competencias imprescindibles |
|---------------|--|--|--|---|
| 1ª avaliación | Bloque 4. Recursos enerxéticos | | | |
| | <ul style="list-style-type: none"> Definición de enerxía. Unidades de medida. Fontes e formas de enerxía. (TI1B4.1.1., TI1B4.1.2.) Obtención, transformación e transporte das fontes de enerxía. Importancia do uso de enerxías renovables. (TI1B4.1.1.) Combustibles fósiles: obtención, transformación e impacto ambiental. (TI1B4.1.1.) Modelización elemental e descrición de centrais de produción e de transformación de enerxía eléctrica. (TI1B4.1.2.) Produción e distribución da enerxía eléctrica en Galicia. (TI1B4.1.1.) Impacto ambiental da produción enerxética. (TI1B4.1.1.) Importancia dos recursos enerxéticos e o seu impacto no desenvolvemento dunha sociedade sustentable. (TI1B4.1.1.) Consumo enerxético. Cálculos e estimacións de consumo. Técnicas e criterios de aforro enerxético. (TI1B4.2.1., TI1B4.2.2., TI1B4.2.1.) | <p>B4.1. Analizar a importancia que os recursos enerxéticos teñen na sociedade actual, e describir as formas de produción de cada unha, así como as súas debilidades e fortalezas no desenvolvemento dunha sociedade sustentable.</p> | <p>TI1B4.1.1. Describe as formas de producir enerxía, en relación co custo de produción, o impacto ambiental e a sustentabilidade.</p> <p>TI1B4.1.2. Debuxa diagramas de bloques de diferentes tipos de centrais de produción de enerxía, e explica cada bloque constitutivo e as súas interrelacións.</p> | <p>Coñece a importancia de enerxía na sociedade actual e da necesidade do seu aforro.</p> <p>Identifica as consecuencias que ten o uso abusivo das enerxías non renovables, especialmente no medioambiente.</p> <p>Entende que a enerxía pode transformarse dunha forma a outra, que tales transformacións non son perfectas.</p> <p style="text-align: center;">CD CMCCT CCL CSC</p> |

| Bloque 1. Produtos tecnolóxicos: deseño, produción e comercialización | | | | |
|---|---|--|--|--|
| | <ul style="list-style-type: none"> Proceso cíclico de deseño, produción, comercialización e mellora de produtos. Importancia das novas tecnoloxías. (TI1B1.1.1.) Análise sistemática de produtos tecnolóxicos actuais e do seu impacto social. (TI1B1.1.1.) Distribución de produtos. O mercado e as súas leis básicas. (TI1B1.1.1.) Normalización e control de calidade. Patentes. (TI1B1.2.1., TI1B1.2.2) Planificación e desenvolvemento práctico dun proxecto de deseño e comercialización dun produto. (TI1B1.1.1.) | <p>B1.1. Identificar e describir as etapas necesarias para a creación dun produto tecnolóxico desde o seu deseño ata a súa comercialización, investigar acerca da súa influencia na sociedade e propor melloras desde o punto de vista tanto da súa utilidade como do seu posible impacto social.</p> | <p>TI1B1.1.1. Deseña unha proposta dun novo produto tomando como base unha idea dada, explicando o obxectivo de cada etapa significativa necesaria para lanzar o produto ao mercado.</p> | <p>Comprende a necesidade da sociedade actual de planificar o deseño, a produción e a distribución e comercialización dos produtos. Entende as leis do mercado: oferta e demanda. CD CMCCT CCL CAA CSIEE CSC CCEC</p> |
| Bloque 3. Materiais e procedementos de fabricación | | | | |
| 2ª avaliación | <ul style="list-style-type: none"> Estado natural, obtención e transformación dos materiais. Propiedades máis relevantes e estrutura interna dos materiais de uso técnico. (TI1B3.1.1., TI1B3.1.2.) Identificación das formas de presentación e selección de materiais comúns en aplicacións características. (TI1B3.2.1.) Impacto ambiental dos materiais producido en todo o seu ciclo de obtención, | <p>B3.1. Analizar as propiedades dos materiais utilizados na construción de obxectos tecnolóxicos, recoñecendo a súa estrutura interna en relación coas propiedades que presentan e coas modificacións que se poidan producir.</p> | <p>TI1B3.1.1. Establece a relación entre a estrutura interna dos materiais e as súas propiedades.</p> <p>TI1B3.1.2. Explica como se poden modificar as propiedades dos materiais, tendo en conta a súa estrutura interna.</p> <p>TI1B3.2.1. Describe, apoiándose na información obtida en internet, materiais imprescindibles para a obtención de produtos tecnolóxicos relacionados coas</p> | <p>Entende a relación existente entre a estrutura interna dos materiais e as súas propiedades, e coñece a existencia de procedementos que modifican unhas e outras.</p> <p>Coñece as técnicas empregadas na fabricación dun produto dado. CD CAA CSIEE CSC</p> |

| | | | | |
|---------------|---|---|--|--|
| | <p>transformación e refugo. (TI1B3.4.1.)</p> <ul style="list-style-type: none"> • Técnicas de fabricación: tipos e clasificación. Máquinas e ferramentas apropiadas para cada procedemento. (TI1B3.3.1., TI1B3.3.2., TI1B3.3.3.) • Criterios de uso e mantemento de máquinas e ferramentas. Normas de seguraza e hixiene no traballo. Exemplificación dalgunha técnica sinxela de fabricación con máquinas e ferramentas axeitadas. Novas tecnoloxías aplicadas aos procesos de fabricación. (TI1B3.2.1., TI1B3.3.3.) • Impacto ambiental e social da obtención de materiais e da fabricación de produtos tecnolóxicos. (TI1B3.4.1.) | <p>B3.2. Relacionar produtos tecnolóxicos actuais ou novos cos materiais que posibilitan a súa produción, asociando as súas características cos produtos fabricados, utilizando exemplos concretos.</p> <p>B3.3. Describir as técnicas utilizadas nos procesos de fabricación tipo, identificando as máquinas e as ferramentas utilizadas e as condicións de seguridade propias de cada unha, apoiándose na información proporcionada na web dos fabricantes.</p> <p>B3.4. Analizar o impacto ambiental e social que poden producir os procesos de obtención de materiais e os procesos de fabricación.</p> | <p>tecnoloxías da información e da comunicación.</p> <p>TI1B3.3.1. Explica as principais técnicas utilizadas no proceso de fabricación dun produto dado.</p> <p>TI1B3.3.2. Identifica as máquinas e as ferramentas utilizadas no proceso de fabricación dun produto dado.</p> <p>TI1B3.3.3. Describe as principais condicións de seguridade que se deben aplicar nun determinado ámbito de produción, desde o punto de vista tanto do espazo como da seguridade persoal.</p> | |
| 3ª avaliación | Bloque 2. Máquinas e sistemas | | | |
| | <ul style="list-style-type: none"> • Máquinas e sistemas: elementos e dispositivos que os compoñen. (TI1B2.1.1., TI1B2.1.2.) • Elementos dun circuíto xenérico: xerador, condutores, dispositivos de regulación e | <p>B2.2. Realizar esquemas de circuitos eléctrico-electrónicos, pneumáticos ou hidráulicos que dan solución a problemas técnicos, con axuda de programas de deseño</p> | <p>TI1B2.2.1. Deseña, utilizando un programa de CAD, o esquema dun circuíto eléctrico-electrónico, pneumático ou hidráulico que dea resposta a unha necesidade determinada.</p> | <p>Calcula os parámetros básicos de funcionamento dun circuíto eléctrico-electrónico, pneumático ou hidráulico, a partir dun esquema dado.</p> |

| | | | | |
|--|--|---|---|--|
| | <p>control, receptores de consumo e utilización. Representación esquematizada de circuitos. Simbología. Interpretación de planos e esquemas. Cálculos. (TI1B2.2.1, TI1B2.2.2., TI1B2.3.1., TI1B2.3.2., TI1B2.4.1.)</p> <ul style="list-style-type: none"> • Circuitos pneumáticos e hidráulicos. Simbología normalizada. (TI1B2.2.1, TI1B2.2.2., TI1B2.3.1., TI1B2.3.2., TI1B2.4.1.) • Simulación, montaxe e experimentación de circuitos eléctricos e pneumáticos característicos. (TI1B2.2.1, TI1B2.2.2., TI1B2.3.1., TI1B2.3.2., TI1B2.4.1.). | <p>asistido, e calcular os parámetros característicos destes.</p> <p>B2.3. Verificar o funcionamento de circuitos eléctrico-electrónicos, pneumáticos e hidráulicos característicos, interpretando os seus esquemas, utilizando os aparellos e os equipamentos de medida adecuados, interpretando e valorando os resultados obtidos, apoiándose na montaxe ou nunha simulación física destes.</p> | <p>TI1B2.2.2. Calcula os parámetros básicos de funcionamento dun circuito eléctrico-electrónico, pneumático ou hidráulico, a partir dun esquema dado.</p> <p>TI1B2.3.1. Verifica a evolución dos sinais en circuitos eléctrico-electrónicos, pneumáticos ou hidráulicos, debuxando as súas formas e os valores nos puntos característicos</p> <p>TI1B2.3.2. Interpreta e valora os resultados obtidos de circuitos eléctrico-electrónicos, pneumáticos ou hidráulicos.</p> | <p>Verifica a evolución dos sinais en circuitos eléctrico-electrónicos, pneumáticos ou hidráulicos, debuxando as súas formas e os valores nos puntos característicos</p> <p>CD CMCCT CAA CSIEE</p> |
|--|--|---|---|--|

| 1. Avaliación e cualificación | |
|---|--|
| Avaliación | <p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Emprego de software de simulación. • Realización de boletíns de exercicios. |
| Cualificación final | <p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: Unha vez avaliadas as actividades de recuperación para aqueles alumnos que tivesen algunha avaliación suspensa, farase a media das dúas primeiras avaliacións, e engadiráselle un punto a esa nota se o alumno continuou traballando na terceira avaliación, entregando algunha das actividades propostas. Se o alumno amosa un grande esforzo presentando todas as actividades propostas na terceira avaliación en prazo e acadando nelas a excelencia, engadiráselle á nota media das dúas primeiras avaliacións dous puntos.</p> |
| Proba extraordinaria de setembro | <p>Se as condicións sanitarias o permiten, en setembro se realizará unha proba única que englobará contidos das dúas primeiras avaliacións, atendendo aos estándares mínimos xa indicados. A nota desa proba será a de a avaliación extraordinaria de setembro.</p> |
| Alumnado de materia pendente | <p>Criterios de avaliación: Criterios de cualificación: Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <p>Non hai alumnado coa materia pendente.</p> |

2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

| | |
|--|---|
| <p>Actividades</p> | <p>Xa que a porcentaxe de aprobados nas dúas primeiras avaliacións foi do 100%, non se propuxeron actividades de recuperación ou reforzo. Optamos polas actividades de ampliación e por continuar coa formación dos alumnos seguindo a programación tal e como foi deseñada a principio de curso, co traballo de dúas unidades didácticas: “Circuitos eléctricos” e “Circuitos neumáticos”. Como actividades, os alumnos resolverán e presentarán boletíns de exercicios relacionados cos estándares propios destas unidades. Como complemento a estas actividades, os alumnos empregarán software específico de simulación de circuitos neumáticos e eléctricos.</p> |
| <p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</p> | <p>Para traballar as actividades propostas neste período de confinamento, comezamos as unidades didácticas cunha introdución a través dun videotutorial, para repasar e poñer en valor os coñecementos que os alumnos xa teñen en relación coa unidade. Do mesmo xeito, poñemos a disposición dos alumnos presentacións nas que se recollen dunha forma amena todos os contidos que os alumnos teñen que traballar. Para rematar a unidade, os alumnos resoven e respostan cuestionarios ou boletíns de exercicios, que serven para reforzar e afondar nos seus coñecementos e traballar as competencias básicas. Estes boletíns son corrixidos polo profesor e a corrección, enviada ao alumno como sistema de retroalimentación. Pódense convocar videoconferencias para a solventar dúbidas.</p> |
| <p>Materiais e recursos</p> | <p>Presentacións e videotutoriais, boletíns de actividades e cuestionarios, software específico.</p> |

3. Información e publicidade

| | |
|---|---|
| <p>Información ao alumnado e ás familias</p> | <p>Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado.</p> <p>Todos os materiais son postos á disposición do alumnado a través da aula virtual do centro, onde contan ademais de co material específico para traballar as diferentes unidades didácticas, con enlaces e referencias a outros contidos de interese.</p> <p>Por outra banda, tamén contamos como vía de comunicación aberta constantemente para trasladar información ao alumnado e recibir información deles, coa conta de correo electrónico do dominio telleiras.org, propia do noso centro e que restrinxe o intercambio de información a alumnos e profesores do centro. Tamén dispoñemos da conta de correo corporativa edu.xunta.es para comunicarnos cos alumnos e familias.</p> <p>Por último, contamos coa realización de videoconferencias cos alumnos a través da plataforma Cisco Webex.</p> |
| <p>Publicidade</p> | <p>Publicación obrigatoria na páxina web do centro.</p> |

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES AS TELLEIRAS
CURSO: 2º BAC
MATERIA: TECNOLOXÍA INDUSTRIAL II
DEPARTAMENTO: TECNOLOXÍA
DATA: 7 / 5 / 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

| Tempor. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe imprescindibles | Competencias imprescindibles |
|---------------|--|--|---|------------------------------|
| 1ª avaliación | Bloque 3. Sistemas automáticos | | | |
| | <p>Sistemas de control</p> <ul style="list-style-type: none"> • O control automático. Elementos dun sistema de control. (TI2B1.1.1) • Control en lazo aberto e lazo pechado. (TI2B3.1.2) • Función de transferencia. (TI2B1.1.1) • Diagrama de bloques. Representación dos sistemas de control. (TI2B3.2.1) • Estabilidade dun sistema de control. • Simulación de sistemas automáticos. (TI2B3.3.1) <p>Automatización neumática</p> <ul style="list-style-type: none"> • Principios físicos en neumática: caudal, presión, humidade. • Simbología neumática. Esquemas neumáticos. • Elementos dun sistema neumático. • Deseño e montaxe de sistemas neumáticos sinxelos. (TI2B3.4.1) • Simulación de circuitos neumáticos. | <p>B3.1. Expoñer en público a composición dunha máquina ou sistema automático identificando os elementos de mando, control e potencia e explicando a relación entre as partes que os compoñen.</p> <p>B3.2. Representar graficamente mediante programas de deseño a composición dunha máquina, circuíto ou sistema tecnolóxico completo.</p> <p>B3.3. Verificar o funcionamento de sistemas automáticos mediante simuladores reais ou virtuais, interpretando esquemas e identificando os sinais de entrada/saída en cada bloque do mesmo.</p> <p>B3.4. Implementar fisicamente circuítos eléctricos ou pneumáticos a partir de planos ou esquemas de aplicacións características.</p> | <p>TI2B3.1.1 Define as características e función dos elementos dun sistema automático interpretando planos/esquemas dos mesmos.</p> <p>TI2B3.1.2 Diferenza entre sistemas de control de lazo aberto e lazo pechado propoñendo exemplos razoados dos mesmos.</p> <p>TI2B3.2.1 Deseña mediante bloques xenéricos sistemas de control para aplicacións concretas describindo a función de cada bloque no conxunto e xustificando a tecnoloxía empregada.</p> <p>TI2B3.3.1 Verifica mediante simuladores os sinais de entrada/saída dun sistema automático.</p> <p>TI2B3.4.1 Monta fisicamente circuítos simples interpretando esquemas e realzando gráficos dos sinais nos puntos significativos.</p> | CD CMCCT CCL CAA CSIEE |

| | | | | |
|----------------------|--|--|---|-------------------------|
| | (TI2B3.4.1) | | | |
| | <ul style="list-style-type: none"> • Elaboración de gráficos e diagramas de funcionamento. • Automatismos neumáticos. | | | |
| | <p>Automatismos oleohidráulicos</p> <ul style="list-style-type: none"> • Principios físicos en hidráulica. • Vantaxes/desvantaxes da hidráulica. | | | |
| | Bloque 4. Circuitos e sistemas lóxicos | | | |
| 2ª avaliación | <p>Circuitos lóxicos</p> <ul style="list-style-type: none"> • Códigos binarios. • Álgebra de Boole. Táboas de verdade. Operacións básicas. (TI2B4.1.1) • Funcións lóxicas. Simplificación. Diagramas de Karnaugh. (TI2B4.1.1) • Portas lóxicas. (TI2B4.1.2) • Deseño, simulación e montaxe de circuitos de control con portas lóxicas. (TI2B4.1.2) | <p>B4.1. Deseñar mediante portas lóxicas, sinxelos automatismos de control aplicando procedementos de simplificación de circuitos lóxicos.</p> | <p>TI2B4.1.1. Realiza táboas de verdade de sistemas combinacionais identificando as condicións de entrada e a súa relación coas saídas solicitadas.</p> <p>TI2B4.1.2 Deseña circuitos lóxicos combinacionais con portas lóxicas a partir de especificacións concretas, aplicando técnicas de simplificación de función e propoñendo o posible esquema do circuito.</p> <p>TI2B4.1.3 Deseña circuitos lóxicos combinacionais con bloques integrados partindo de especificacións concretas e propoñendo o posible esquema do circuito.</p> | <p>CD CMCCT CCL CAA</p> |
| | <p>Circuitos combinacionais integrados</p> <ul style="list-style-type: none"> • Codificadores/decodificadores. | | | |

| | | | |
|--|---|--|--------------------|
| <ul style="list-style-type: none"> • Multiplexores/ demultiplexores. • Comparadores. • Deseño de circuitos lóxicos combinacionais con bloques integrados. (TI2B4.1.3) | | | |
| Bloque 5: Control e programación e sistemas automáticos | | | |
| <p>Circuitos secuenciais electrónicos</p> <ul style="list-style-type: none"> • Biestables. Tipos e aplicacións. (TI2B5.1.1) • Representación dos sinais de saída dos circuitos secuenciais. (TI2B5.1.2) • Deseño de circuitos secuenciais. (TI2B5.3.1) | <p>B5.1. Analizar o funcionamento de sistemas lóxicos secuencias dixitais describindo as características e aplicacións dos bloques constitutivos.</p> <p>B5.2. Analizar e realizar cronogramas de circuitos secuenciais identificando a relación dos elementos entre si e visualizándoos graficamente mediante o equipo máis axeitado ou programas de simulación.</p> | <p>TI2B5.1.1 Explica o funcionamento dos biestables indicando os diferentes tipos e as súas táboas de verdade asociadas.</p> <p>TI2B5.1.2. Debuxa o cronograma dun contador explicando os cambios que se producen nos sinais.</p> <p>TI2B5.2.1 Obtén sinais de circuitos secuenciais típicos empregando software de simulación.</p> <p>TI2B5.2.2. Debuxa cronogramas de circuitos secuenciais partindo dos esquemas dos mesmos e das características dos elementos que o compoñen.</p> | CD CMCCT CCL CSIEE |
| <p>Microprocesadores</p> <ul style="list-style-type: none"> • Arquitectura dun ordenador. (TI2B5.4.1) • Unidade Central de Procesamento. Compoñentes. • Tipos de memoria. • O microprocesador. Aplicacións. (TI2B5.4.1) | <p>B5.3. Diseñar circuitos secuenciais sinxelos analizando as características dos elementos que os conforman e a súa resposta no tempo.</p> <p>B5.4. Relacionar os tipos de microprocesadores empregados en ordenadores de uso doméstico buscando a información en Internet describindo as principais prestacións dos mesmos.</p> | <p>TI2B5.3.1. Deseña circuitos lóxicos secuenciais sinxelos con biestables a partir de especificacións concretas e elaborando o esquema do circuito.</p> <p>TI2B5.4.1 Identifica os principais elementos que compoñen un microprocesador tipo e compárao con algún microprocesador comercial.</p> | |

| | | | | |
|----------------------|--|--|--|--------------|
| | <ul style="list-style-type: none"> Tipos e características do microprocesadores comerciais. (TI2B5.4.1) | | | |
| 3ª avaliación | Bloque 2: Principios de máquinas | | | |
| | <p>Máquinas</p> <ul style="list-style-type: none"> Traballo, potencia, rendemento. Outras formas de expresar o traballo. <hr/> <p>Máquinas térmicas</p> <ul style="list-style-type: none"> Ciclo de Carnot. Rendemento. Motores térmicos. Clasificación. Máquinas frigoríficas. Compoñentes. Aplicacións. | <p>B2.1. Definir e expoñer as condicións nominais dunha máquina ou instalación a partir das súas características de uso, presentándoas co soporte de medios informáticos.</p> <p>B2.2. Describir as partes de motores térmicos e analizar os seus principios de funcionamento.</p> | <p>TI2B2.1.2 Define as características e función dos elementos dunha máquina interpretando planos de máquinas dadas.</p> <p>TI2B2.2.1 Calcula rendementos de máquinas tendo en conta as enerxías implicadas no seu funcionamento.</p> <p>TI2B2.2.2 Describe o funcionamento e as partes dos motores térmicos.</p> | CD CMCCT CCL |

| 1. Avaliación e cualificación | |
|---|--|
| Avaliación | <p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Realización de actividades e exercicios. • Utilización de simuladores informáticos para investigar o funcionamento de sistemas automáticos. |
| Cualificación final | <p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: Unha vez avaliadas as actividades de recuperación para aqueles alumnos que tivesen algunha avaliación suspensa, farase a media das dúas primeiras avaliacións, e engadiráselle un punto a esa nota se o alumno continuou traballando na terceira avaliación, entregando algunha das actividades propostas. Se o alumno amosa un grande esforzo presentando todas as actividades propostas na terceira avaliación en prazo e acadando nelas a excelencia, engadiráselle á nota media das dúas primeiras avaliacións dous puntos.</p> |
| Proba extraordinaria de setembro | <p>Se as condicións sanitarias o permiten, en setembro se realizará unha proba única que englobará contidos das dúas primeiras avaliacións, atendendo aos estándares mínimos xa indicados. A nota desa proba será a de a avaliación extraordinaria de setembro.</p> |
| Alumnado de materia pendente | <p>Criterios de avaliación:</p> <p>Criterios de cualificación:</p> <p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <p>Non hai alumnos coa materia pendente.</p> |

2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

| | |
|--|--|
| <p>Actividades</p> | <p>Xa que a porcentaxe de aprobados nas dúas primeiras avaliacións foi do 100%, non se propuxeron actividades de recuperación ou reforzo. Optamos polas actividades de ampliación e por continuar coa formación dos alumnos seguindo a programación tal e como foi deseñada a principio de curso, co traballo de dúas unidades didácticas: “Principios xerais de máquinas” e “Máquinas térmicas”. Como actividades, os alumnos resolverán e presentarán boletíns de exercicios relacionados cos estándares propios destas unidades.</p> |
| <p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</p> | <p>Para traballar as actividades propostas neste período de confinamento, comezamos as unidades didácticas cunha introdución a través dun videotutorial, para repasar e poñer en valor os coñecementos que os alumnos xa teñen en relación coa unidade. Do mesmo xeito, poñemos a disposición dos alumnos presentacións nas que se recollen dunha forma amena todos os contidos que os alumnos teñen que traballar. Para rematar a unidade, os alumnos resollen e respostan cuestionarios ou boletíns de exercicios, que serven para reforzar e afondar nos seus coñecementos e traballar as competencias básicas. Estes boletíns son corrixidos polo profesor e a corrección, enviada ao alumno como sistema de retroalimentación. Pódense convocar videoconferencias para a resolución de dúbidas.</p> |
| <p>Materiais e recursos</p> | <p>Presentacións e videotutoriais, boletíns de actividades e cuestionarios, software específico.</p> |

3. Información e publicidade

| | |
|---|---|
| <p>Información ao alumnado e ás familias</p> | <p>Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado.</p> <p>Todos os materiais son postos á disposición do alumnado a través da aula virtual do centro, onde contan ademais de co material específico para traballar as diferentes unidades didácticas, con enlaces e referencias a outros contidos de interese.</p> <p>Por outra banda, tamén contamos como vía de comunicación aberta constantemente para trasladar información ao alumnado e recibir información deles, coa conta de correo electrónico do dominio telleiras.org, propia do noso centro e que restrinxe o intercambio de información a alumnos e profesores do centro. Tamén dispoñemos da conta de correo corporativa edu.xunta.es para comunicarnos cos alumnos e familias.</p> <p>Por último, contamos coa realización de videoconferencias cos alumnos a través da plataforma Cisco Webex.</p> |
| <p>Publicidade</p> | <p>Publicación obrigatoria na páxina web do centro.</p> |

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES AS TELLEIRAS
CURSO: 4º ESO
MATERIA: TIC
DEPARTAMENTO: TECNOLOXÍA
DATA: 7 / 5 / 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

| Tempor. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe imprescindibles | Grao mínimo de consecución e competencias imprescindibles |
|---------------|---|--|--|--|
| 1ª avaliación | Bloque 2. Ordenadores, sistemas operativos e redes | | | |
| | <ul style="list-style-type: none"> Arquitectura dun ordenador: Compoñentes básicos e características. Funcións de configuración dos equipos informáticos. Instalación e eliminación de software de propósito xeral. Creación de grupos de persoas usuarias, adxudicación de permisos, e posta á disposición de contidos e recursos para o seu uso en redes locais baixo diferentes sistemas operativos. Conexións sen fíos e intercambios de información entre dispositivos móbiles e fixos. | <p>B2.1 Utilizar e configurar equipos informáticos identificando os elementos que os configuran e a súa función no conxunto.</p> <p>B2.2 Xestionar a instalación e eliminación de software de propósito xeral.</p> <p>B2.3 Utilizar software de comunicación entre equipos e sistemas.</p> <p>B2.4 Coñecer a arquitectura dun ordenador, identificando os seus compoñentes básicos e describindo as súas características.</p> <p>B2.5 Analizar os elementos e sistemas que configuran a comunicación con e sen fíos.</p> | <p>TICB2.1.1 Realiza operacións básicas de organización e almacenamento da información.</p> <p>TICB2.1.2 Configura elementos básicos do sistema operativo e de accesibilidade do equipo informático.</p> <p>TICB2.2.1 Resolve problemas vinculados aos sistemas operativos e aos programas e aplicacións vinculados aos mesmos.</p> <p>TICB2.3.1 Administra o equipo con responsabilidade e coñece aplicación de comunicación entre dispositivos.</p> <p>TICB2.4.1 Analiza e coñece diversos componentes físicos dun ordenador, as súas características técnicas e a conexión entre eles.</p> | <p>Diferenzas principais entre os diferentes sistemas operativos presentes no mercado.</p> <p>Almacenamento de información en diferentes soportes e compartir a mesma con outros usuarios.</p> <p>CD CMCCT CCL</p> |
| | Bloque 3. Organización, deseño e produción de información dixital | | | |
| | <ul style="list-style-type: none"> Procesos de produción de documentos con aplicacións ofimáticas e de deseño gráfico. Maquetación. Importación de imaxes e gráficos. | <p>B3.1 Utilizar aplicacións informáticas de escritorio para a produción de documentos.</p> | <p>TICB3.1.1 Elabora e maqueta documentos de texto con aplicacións informáticas que facilitan a inclusión de táboas, imaxes, fórmulas, gráficos, así como outras posibilidades de deseño e interactúa con outras características do programa.</p> | |

| | | | | |
|--|--|---|--|--|
| | <ul style="list-style-type: none"> • Formatos abertos e estándares de formato na produción de documentación. | | | |
| 2ª avaliación | Bloque 3. Organización, deseño e produción de información dixital | | | |
| | <ul style="list-style-type: none"> • Tipos de presentacións e estrutura do contido. Deseño da estrutura e de elementos gráficos adecuados para o público obxectivo. Importación de elementos multimedia, de imaxes e de gráficos. • Edición e montaxe de materiais audiovisuais a partir de fontes diversas. Captura de imaxe, de audio e de vídeo e conversión a outros formatos. • Tratamento básico da imaxe dixital. Exposición, saturación, luminosidade e contraste. Resolución e formatos. | <p>B3.2. Elaborar contidos de imaxe, audio e vídeo e desenvolver capacidades para integralos en diversas producións.</p> | <p>TICB3.2.1 Integra elementos multimedia, imaxe e texto na elaboración de presentación adecuando o deseño e a maquetación á mensaxe e ao público obxectivo ao que vai dirixido.</p> <p>TICB3.2.2 Emprega dispositivos de captura de imaxe, audio e vídeo, mediante software específico edita a información e crea novos materiais en diversos formatos.</p> | <p>Obtención de imaxes fotográficas, aplicarles técnicas de edición dixital e diferenciais.</p> <p>Captura, edición e montaxe de fragmentos de vídeo con audio.</p> <p>Deseño de presentacións destinadas a apoiar o discurso verbal na exposición de ideas e de proxectos.</p> <p>CD CMCCT CCL CAA CSIEE CSC CCEC</p> |
| | Bloque 5. Publicación e difusión de contidos | | | |
| <ul style="list-style-type: none"> • Compartición de recursos en redes locais e na Internet. • Deseño de páxinas web sinxelas. • Creación e publicación na web. Estándares de publicación. • Traballo colaborativo con servizos na | <p>B5.2. Elaborar e publicar contidos na web integrando información textual, numérica, sonora e gráfica.</p> <p>B5.3. Coñecer os estándares de publicación e empregalos na produción de</p> | <p>TICB5.2.1 Integra e organiza elementos textuais e gráficos en estruturas hipertextuais.</p> <p>TICB5.2.2 Deseña páxinas web e coñece os protocolos de publicación, baixo estándares adecuados e con respecto aos dereitos de propiedade.</p> | <p>Creación dunha páxina web sinxela</p> <p>Creación dun blogue.</p> <p>CD CMCCT CCL CAA CSIEE CSC CCEC</p> | |

| | | | | |
|----------------------|--|--|---|--|
| | nube e coas ferramentas TIC de carácter social. | páxinas web e coas ferramentas TIC de carácter social. | TICB5.3.1 Participa colaborativamente en diversas ferramentas TIC de carácter social e xestiona os propios. | |
| 3ª avaliación | Bloque 6. Internet, redes sociais, hiperconexión | | | |
| | <ul style="list-style-type: none"> Redes sociais. Privacidade e seguridade persoal na interacción en redes sociais. | <p>B6.2. Empregar o sentido crítico e desenvolver hábitos adecuados no uso e intercambio de información a través de redes sociais e plataformas.</p> <p>B6.3. Publicar e relacionar mediante hiperenlaces información en canles de contidos multimedia, presentacións, imaxe, audio e vídeo.</p> | <p>TICB6.2.1 Participa activamente en redes sociais con criterios de seguridade.</p> <p>TICB6.3.1 Emprega canais de distribución de contidos multimedia para aloxar materiais propios e enlazalos noutras producións.</p> | <p>Publicación na rede dos materiais elaborados por eles mesmos.</p> <p>Respecto polos dereitos que amparan ás produción alleas</p> <p>CD CMCCT CCL CSC CCEC</p> |

| 1. Avaliación e cualificación | |
|---|---|
| Avaliación | <p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Realización de tarefas. |
| Cualificación final | <p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: Unha vez avaliadas as actividades de recuperación para aqueles alumnos que tivesen algunha avaliación suspensa, farase a media das dúas primeiras avaliacións, e engadiráselle un punto a esa nota se o alumno continuou traballando na terceira avaliación, entregando algunha das actividades propostas. Se o alumno amosa un grande esforzo por completar a súa formación e presenta todas as actividades propostas na terceira avaliación en prazo e acadando nelas a excelencia, engadiráselle á nota media das dúas primeiras avaliacións dous puntos.</p> |
| Proba extraordinaria de setembro | <p>Na proba extraordinaria de setembro, o alumno presentará un compendio de actividades seleccionadas polo profesor e acordos cos estándares mínimos antes especificados.</p> |
| Alumnado de materia pendente | <p>Criterios de avaliación:</p> <p>Criterios de cualificación:</p> <p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <p>Non hai alumnos coa materia pendente.</p> |

2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

| | |
|--|---|
| <p>Actividades</p> | <p>Actividades de recuperación Para aqueles alumnos con algunha avaliación suspensa e que non presentaron as actividades de recuperación no seu día, ou que dadas as especiais circunstancias sanitarias non tiveron a oportunidade de facer aproba de recuperación prevista na programación, estas actividades serán personalizadas e adaptadas a cada alumno, de xeito que estes terán de novo a posibilidade de presentar aquelas actividades que non entregaron ou nas que tiveron unha cualificación negativa. A nota de recuperación será de 5.</p> <p>Actividades de ampliación Tendo presente que 4º ESO é o curso co que se remata a Educación Secundaria e que moitos alumnos non continuarán estudos nos vindeiros anos senón que se incorporarán ao mercado laboral e á vida activa, parece indispensable aproveitar ao máximo estes meses de confinamento para complementar a súa formación. Por iso, propuxémoslles actividades de ampliación dos temas previstos orixinalmente na programación e correspondentes a final da segunda avaliación e a esta terceira, relacionados coas unidades didácticas “Edición de vídeo” e “Tratamento e difusión de contidos. O uso do blogue”, así como “Redes de ordenadores e Internet”.</p> |
| <p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</p> | <p>Para traballar as actividades propostas neste período de confinamento, comezamos as unidades didácticas cunha introdución a través dun videotutorial, onde se expoñen e explican todos os contidos necesarios para o coñecemento e manexo das distintas aplicacións informáticas e a realización das actividades propostas, que poden ser guiadas ou non guiadas. Pódense convocar videoconferencias para resolver dúbidas.</p> |
| <p>Materiais e recursos</p> | <p>Contamos con tres salas de ordenadores equipadas para que os alumnos dispoñan dun ordenador persoal de xeito individual con conexión a Internet. Asimesmo, temos un aula virtual dotada de grande cantidade de actividades guiadas e non guiadas e manuais de uso das distintas aplicacións, así como videotutoriais e enlaces a información de interese para o desenvolvemento dos contidos.</p> |

3. Información e publicidade

| | |
|---|--|
| <p>Información ao alumnado e ás familias</p> | <p>Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado.</p> <p>Todos os materiais son postos á disposición do alumnado a través da aula virtual do centro, onde contan ademais de co material específico para traballar as diferentes unidades didácticas, con enlaces e referencias a outros contidos de interese.</p> <p>Por outra banda, tamén contamos como vía de comunicación aberta constantemente para trasladar información ao alumnado e recibir información deles, coa conta de correo electrónico do dominio telleiras.org, propia do noso centro e que restrinxe o intercambio de información a alumnos e profesores do centro. Tamén dispoñemos da conta de correo corporativa edu.xunta.es para comunicarnos cos alumnos e familias.</p> <p>Por último, contamos coa realización de videoconferencias cos alumnos a través da plataforma Cisco Webex.</p> |
| <p>Publicidade</p> | <p>Publicación obrigatoria na páxina web do centro.</p> |

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES AS TELLEIRAS

CURSO: 1º ESO

MATERIA: MOBILIDADE ESCOLAR SOSTIBLE E SEGURA

DEPARTAMENTO: TECNOLOXÍA

DATA: 11 DE MAIO DE 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

| Avaliación | Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe | Competencias Clave |
|---|---|--|---------------------|
| 1ª Avaliación | B1.1. Diferenciar que iniciativas e tarefas son proxectos e cales non. | MESS B1.1.1. Recoñece as características principais dun proxecto. | CCL CSIEE |
| | B1.3. Reflexionar e describir para cada proxecto as necesidades que atende, os problemas que resolve ou achegas de valor para a sociedade. | MESS B1.3.1. Identifica e describe as necesidades que cobren ou os problemas que procuran resolver determinados proxectos. | CCL CAA CSIEE |
| | B1.5. Detectar problemas ou necesidades no seu contorno relacionadas coa mobilidade e xerar ideas de novas medidas, solucións, bens ou servizos para a súa emenda, atención ou mellora empregando distintas técnicas (chuvia de ideas, análise DAFO, diagramas causa-efecto, análise de causa raíz...). | MESS B1.5.1. Analiza o seu contorno para a detección de problemas, necesidades e melloras posibles no ámbito da mobilidade. | CAA CSIEE |
| | | MESS B1.5.2. Participa na xeración de ideas de proxectos de investigación en equipo orientados ao deseño e elaboración de propostas concretas para a resolución dos problemas e atención das necesidades anteriores, a través de chuvia de ideas, análise DAFO, diagramas causa efecto ou análise de causa raíz. | CAA CSIEE |
| | B1.6.1. Desenvolver un proxecto en equipo desde unha proposta viable ata a súa publicación en distintos medios e formatos. | MESS B1.6.1. Participa de xeito colaborativo na formación de equipos e na definición de proxectos. | CAA CSIEE CSC |
| B2.4. Recoñecer os tipos de vías e valorar a forma de tránsito máis axeitada en cada caso atendendo as necesidades do alumnado. | MESS B2.4.3. Indaga como se despraza o alumnado para ir ao centro educativo empregando técnicas de investigación social, analiza os resultados e a partir destes elabora itinerarios idóneos. | CD CMCCT CAA | |

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

| Avaliación | Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe | Competencias Clave |
|------------|---|---|---------------------|
| | B3.3. Comprender o significado de sinistralidade viaria, as súas causas e clases, a incidencia que ten no noso contorno, as consecuencias que derivan dela e as medidas de prevención que se poden adoptar para a súa prevención. | MESS B3.3.5. Establece percorridos e traxectos nun plano sinxelo do lugar en que vive e valora os traxectos. | CSIEE CAA |
| | B3.5. Coñecer os elementos de seguridade viaria aconsellados para a mobilidade no contorno escolar e nas actividades programadas para o alumnado. | MESS B3.5.1. Identifica as características que definen os contornos escolares no marco da seguridade viaria e valora as medidas de seguridade adoptadas e adoptables no contorno do centro. | CSC CSIEE |
| | B3.7. Recoñecer o rol e os riscos que asumimos cando nos movemos segundo os elementos empregados: a pé, en bicicleta, en transporte privado e colectivo. | MESS B3.7.1. Identifica cales son os modos de desprazamento habituais no seu contorno e indaga sobre as súas circunstancias. | CL CSC |
| | | MESS B3.7.3. Aмосa comprensión cara ás persoas que se manexan con máis dificultade no espazo público. | CSC |
| | B3.11. Saber as vantaxes que nos ofrece o uso da bicicleta, a nivel de saúde persoal e ambiental. | MESS B3.11.1. Valora os beneficios de usar a bicicleta como medio de desprazamento. | CAA CSC |
| 2ª | B1.6.1. Desenvolver un proxecto en equipo desde unha proposta viable ata a súa publicación en | MESS B1.6.1. Participa de xeito colaborativo na formación de equipos e na definición de proxectos. | CAA CSIEE CSC |

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

| Avaliación | Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe | Competencias Clave |
|---|--|--|--------------------|
| Avaliación | distintos medios e formatos. | MESS B1.6.3. Elabora e presenta, colaborativamente e co uso das TIC, proposta(s) para a resolución de problemas, para a atención de necesidades ou para a aplicación da mellora do proxecto fundamentándose na investigación da realidade. | CSIEE CD |
| | B2.5. Diferenciar distintos patróns de mobilidade e valorar o seu impacto sanitario, económico, social e ambiental, recoñecendo o valor da mobilidade alternativa e as estratexias empregadas para promover mobilidades alternativas (calmado do tráfico, humanización do espazo público, recuperación de espazos...). | MESS B2.5.2. Valora a mobilidade a pé e en bici como un dereito das persoas que require da nosa participación activa para que se realice de xeito seguro e sostible. | CSC CAA |
| | | MESS B2.5.3. Realiza unha exposición na que faga un balance dos factores que determinan que unha persoa opte por un modo de mobilidade ou outro. | CCL CAA |
| | B3.7. Recoñecer o rol e os riscos que asumimos cando nos movemos segundo os elementos empregados: a pé, en bicicleta, en transporte privado e colectivo. | MESS B3.7.3. Aмосa comprensión cara ás persoas que se manexan con máis dificultade no espazo público. | CSC |
| B3.11. Saber as vantaxes que nos ofrece o uso da bicicleta, a nivel de saúde persoal e ambiental. | MESS B3.11.1. Valora os beneficios de usar a bicicleta como medio de desprazamento. | CAA CSC | |
| | B2.4. Recoñecer os tipos de vías e valorar a forma de tránsito máis axeitada en cada caso atendendo as necesidades do alumnado. | MESS B2.4.2. Elabora un itinerario desde un lugar coñecido a outro fóra da súa contorna habitual, describindo o tipo de transporte que se pode empregar, as vías e calcula as magnitudes asociadas (tempo, espazo, custo...). | CMCCT CAA |

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

| Avaliación | Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe | Competencias Clave |
|---|---|---|--------------------|
| 3ª Avaliación | B2.6. Interpretar fontes de información xeográfica relacionada coa mobilidade e coas infraestruturas e usar as novas ferramentas tecnolóxicas para planificar rutas e deseñar traxectos seguindo criterios relacionados coa morfoloxía urbana (tramas urbanas, trazado dos percorridos, urbanismo arquitectónico...) e valorando os factores que inflúen nas escollas das persoas (humanización, atractivo, frecuentación, diversidade de usos, barreiras arquitectónicas). | MESS B2.6.1. Interpreta mapas relacionados coa mobilidade, compara distintos traxectos e determina cal é o idóneo explicando os seus criterios. | CSIEE CAA |
| | | MESS B2.6.2. Accede a distintos portais de información para traballar os percorridos, extrae información e analízala. | CCL CD |
| | B3.2. Describir a súa contorna escolar e as zonas públicas. Coñecer as normas, as autoridades e as súas funcións, e saber onde informarse en caso de dúbidas, para desenvolver valores cívicos e hábitos de convivencia e programar accións que impliquen ocupación do espazo público. | MESS B3.2.1. Coñece normas básicas de uso dos espazos públicos e de tránsito do lugar en que reside | CSC CAA |
| | B3.3. Comprender o significado de sinistralidade viaria, as súas causas e clases, a incidencia que ten no noso contorno, as consecuencias que derivan dela e as medidas de prevención que se poden adoptar para a súa prevención. | MESS B3.3.1. Estuda os elementos que determinan a sinistralidade nas vías e as súas consecuencias, e entende os riscos que poñen en perigo a súa vida e a dos demais. | CSC CAA |
| B3.6. Coñecer normas básicas no protocolo de actuación ante un accidente. | MESS B3.6.1. Realiza simulacros e valora a importancia de atender a tempo e ben en caso de accidente e de estar formados na conduta PAS e na cadea de supervivencia. | CSC CSIEE | |

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

| Avaliación | Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe | Competencias Clave |
|------------|---|---|--------------------|
| | B3.14. Saber as vantaxes e limitacións que nos ofrece o uso do transporte público respecto da sustentabilidade. | MESS B3.14.1. Valora as vantaxes e limitacións de uso do transporte público e as novas formas de compartir vehículos. | CSC |

| 2. Avaliación e cualificación | |
|---|--|
| Avaliación | <p>Procedementos:</p> <p>Os procedementos de avaliación adecuaranse ás adaptacións metodolóxicas realizadas durante o terceiro trimestre do curso.</p> <p>A avaliación terá un carácter continuo, formativo e integrador a partir das avaliacións anteriores e das actividades desenvolvidas durante este período sempre que isto favoreza ao alumno ou alumna.</p> <p>O alumnado, en ningún caso se verá prexudicado polas dificultades derivadas do cambio na metodoloxía a distancia do terceiro trimestre, e non verá minorados os resultados obtidos nas avaliacións dos trimestres anteriores.</p> |
| | <p>Instrumentos:</p> <p>Os empregados nas dúas primeiras avaliacións e as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación desenvoltas desde a declaración do estado de alarma polo Decreto 463/2020, sempre que beneficien ao alumno ou alumna.</p> |
| Cualificación final | <p>En virtude do descrito anteriormente, para o cálculo da cualificación final que se consignará na avaliación ordinaria, teranse en conta as cualificacións das dúas primeiras avaliacións e farase a media aritmética entre ambas.</p> <p>As actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes poderán incrementar esta nota media ata un máximo de dous puntos do seguinte xeito:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Se o alumnado non realiza ningunha das actividades propostas despois da declaración do estado de alarma, a cualificación na avaliación ordinaria será a media das dúas avaliacións anteriores. • Se o alumnado entrega as actividades amosando unha aprendizaxe continua e interese por aprender, a cualificación da avaliación ordinaria calcularase facendo a media das dúas avaliacións anteriores e sumándolle un punto. • Se o alumnado ademais de entregar as actividades, demostra coas mesmas adquirir as aprendizaxes e competencias imprescindibles, descritas no apartado un desta adaptación á programación, dun xeito moi bo, a cualificación da avaliación ordinaria calcularase facendo a media das dúas avaliacións anteriores e sumándolle dous puntos. |
| Proba extraordinaria de setembro | <p>A proba extraordinaria de setembro referirase ás aprendizaxes e competencias imprescindibles detalladas no apartado un desta adaptación á programación e desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso escolar 19/20</p> |

| | |
|--------------------------------------|---|
| Alumnado de materia pendiente | Criterios de avaliación: |
| | Criterios de cualificación: |
| | Procedementos e instrumentos de avaliación: |

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

| | |
|--|---|
| <p>Actividades</p> | <p>Debido á situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19 e á suspensión das actividades lectivas, como medida preventiva adoptada no Acordo do Consello da Xunta do 12 de marzo de 2020, e co fin de apoiar tanto aos estudantes como ás súas familias e facer posible o desenvolvemento das súas tarefas respectivas en condicións que promovesen o seu benestar, houbo que modificar toda a metodoloxía e actividades planificadas para o 3º trimestre do curso. As novas actividades foron desenvolvidas co fin de permitir aos alumnos manterse incorporados á aprendizaxe continua, suscitar o seu interese por aprender de modo non presencial, adaptándose á idade e características do alumnado, así como á situación excepcional que están a vivir.</p> <p>Prestouse especial atención a identificar ao alumnado desconectado, transmitindo, tanto aos titores como ao equipo directivo, estas situacións cando foron detectadas.</p> <p>Durante o terceiro trimestre desenvolvéronse actividades de recuperación, repaso, reforzo e ampliación centrándose nas aprendizaxes e competencias imprescindibles que o alumnado debe desenvolver, coidando de non sobrecargalo. Fomentáronse as rutinas de traballo, mantendo o hábito de estudo.</p> <p>Para a ampliación das aprendizaxes tomáronse como referentes os obxectivos e competencias clave máis necesarios para a adecuada progresión do alumnado e que para a súa asimilación requirisen a mínima intervención docente.</p> <p>Para o alumnado que non adquiriu as aprendizaxes e competencias imprescindibles nos dous primeiros trimestres do curso, propóráselle actividades que lles axuden a adquirilas e superar a materia.</p> <p>Todas as actividades propostas flexibilizáronse e adaptáronse para axudar en todo o posible ao alumnado a adquirilas as aprendizaxes e competencias imprescindibles descritas no apartado 1.</p> |
| <p>Metodoloxía (alumnado con conectividade)</p> | <p>A metodoloxía empregada é a de traballo telemático a través da aula virtual do centro no que existe un curso específico para a materia que todo o alumnado sabe empregar por ser unha ferramenta habitual de traballo nos trimestres anteriores.</p> <p>Para atender ás dúbidas, empregáronse tanto as mensaxes das que dispón a aula virtual como o correo electrónico.</p> <p>Intentarán realizarse videoconferencias que facilitan tanto a comunicación co alumnado como a resolución das dúbidas que lle poidan xurdir. Esta metodoloxía facilita tamén a realización das actividades de ampliación de aprendizaxes.</p> |

Materiais e recursos

En primeiro lugar, os recursos necesarios para a metodoloxía descrita no apartado anterior pasan por incluír todos os derivados dun traballo telemático: ordenador, cámara, micrófono, conexión a internet... O resto de materiais facilítanse ao alumnado a través da aula virtual do centro, nalgúns casos en forma de web, noutros en formato pdf. En ningún caso será necesaria a impresión dos materiais.

4. Información e publicidade

| | |
|--|--|
| Información ao alumnado e ás familias | A información ao alumnado e as familias realizarase a través da plataforma empregada para realización das actividades, neste caso a Aula Virtual do centro. |
| Publicidade | Segundo as Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, no punto 6.3 das directrices xerais, esta adaptación á programación será publicada na páxina web do centro nun lugar accesible a disposición de toda a comunidade educativa. |